

Norma	Título
UNE-EN 24564:1992	Embarcacións menores. Cadeas de áncora (ISO 4565:1986).
UNE -en 28846:1994	Embarcacións de lecer. Equipamentos eléctricos. Protección contra a inflamación dos ambientes gasosos inflamables (ISO 8846:1990).
UNE 28846/1M:2001	Embarcacións de lecer. Equipamentos eléctricos. Protección contra a inflamación dos ambientes gasosos inflamables (ISO 8846:1990).
UNE 28848:1994	Embarcacións de lecer. Mecanismos de goberno a distancia (ISO 8848:1990).
UNE 28848/1M:2001	Embarcacións de lecer. Mecanismos de goberno a distancia (ISO 8848:1990).
UNE-EN ISO 29775:1994	Embarcacións de lecer. Mecanismos de goberno a distancia para motores únicos foraborda de potencia comprendida entre 15 kW e 40 kW (ISO 9775:1990).
UNE-EN ISO 29775/1M:2001	Embarcacións de lecer. Mecanismos de goberno a distancia para motores únicos foraborda de potencia comprendida entre 15 kW e 40 kW (ISO 9775:1990).
EN 60092-507: 2000	Instalacións eléctricas dos barcos. Parte 507: embarcacións de lecer (IEC 60092507: 2000).

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

20779 *ORDETAS/3512/2007, do 26 de novembro, pola que se modifica a Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, pola que se establecen normas para a aplicación e desenvolvemento do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño. («BOE» 290, do 4-12-2007.)*

Mediante a Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, procedeuse á aplicación e desenvolvemento do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, derogando expresamente os preceptos da anterior orde sobre a materia, do 26 de maio de 1999, que foran declarados transitoriamente vixentes polo citado real decreto, así como a disposición adicional sétima da Orde do 22 de febreiro de 1996, pola que tamén se desenvolveu o anterior Regulamento xeral de recadación dos recursos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1637/1995, do 6 de outubro.

A experiencia obtida no desempeño da xestión recadatoria desde a súa aprobación aconsella proceder á actualización puntual dalgúns dos seus artigos, reguladores de determinados aspectos do procedemento recadatorio da Seguridade Social tanto en período voluntario coma en vía de constrinximento, así como á adición de novos preceptos ao respecto, co obxecto de garantir unha maior eficacia e un axeitado servizo aos cidadáns no seu desenvolvemento.

Co fin de alcanzar os obxectivos que se acaban de indicar, tamén se advertiu a necesidade de completar a regulación da referida orde mediante o desenvolvemento das previsións contidas nos artigos 30, 44 e 45 do vixente Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social en materia de devolución de ingresos indebidos e de reembolso do custo das garantías achegadas para suspender o procedemento recadatorio.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas pola disposición derradeira segunda do citado Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, pola que se establecen normas para a aplicación e desenvolvemento do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

A Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, pola que se establecen normas para a aplicación e desenvolvemento do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, queda modificada como segue:

Un. O punto 2 do artigo 12 queda redactado nos termos seguintes:

«2. Cando a débeda se atope en vía de constrinximento ou se iniciase o procedemento para a súa dedución fronte a administracións ou entidades públicas, para a anulación e baixa en contabilidade do crédito da Tesouraría Xeral será necesario que a contía da débeda a extinguir, á cal se refire o punto anterior, sexa a resultante da suma do principal, recarga, xuros e custas do procedemento, incorporada a cada expediente de constrinximento ou de dedución no seu conxunto e non a cada un dos documentos ou títulos que o integren.

As unidades de recadación executiva e as direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social que resulten competentes formalizarán, respectivamente, a finalización dos procedementos de constrinximento e de dedución mediante data, de carácter non rehabilitable, do título ou títulos dos expedientes afectados, o que motivará a súa baixa en contabilidade.»

Dous. O artigo 17 queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 17. *Consecuencias do aprazamento e incidencias posteriores á súa concesión.*

1. As empresas e demais suxeitos responsables que teñan concedido aprazamento para o pagamento das súas débedas coa Seguridade Social, mentres non se produza o incumprimento a que se refire o artigo 36 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, consideraranse que están ao día das súas obrigas coa Seguridade Social tanto para os efectos indicados no artigo 31.3 do devandito regulamento como para o recoñecemento de prestacións, conforme o previsto no artigo 124.2 da Lei xeral da Seguridade Social, e as cotas aprazadas serán computables para a cobertura do período previo de cotización exixido e, se é o caso, para a determinación da contía daquelas, sempre que o aprazamento fose concedido con anterioridade ao feito causante da prestación.

A concesión dun novo aprazamento para o pagamento de débedas que xa fosen obxecto doutro anterior incumprido só producirá efectos respecto ás prestacións da Seguridade Social causadas con posterioridade á devandita concesión.

2. A concesión dun aprazamento para o pagamento das débedas coa Seguridade Social non impedirá que durante a súa vixencia se poidan modificar, por solicitude do beneficiario, as condicións de amortización inicialmente establecidas, con suxeición ao disposto en canto á súa duración polo artigo 31.2 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

3. Poderase pedir o aprazamento de débedas xeradas con posterioridade a aquel que se estivese desfrutando, sempre que a solicitude se formule dentro do prazo regulamentario de ingreso daquelas. O novo aprazamento, cuxa tramitación e resolución se rexerán polo disposto no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, deberá incluír a totalidade das débedas aprazables no momento da solicitude, de conformidade co artigo 32.3 do citado regulamento.

De resolver favorablemente a solicitude do novo aprazamento, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá unificar, de oficio ou por petición do interesado, os prazos de amortización coincidentes dos aprazamentos concedidos.»

Tres. O primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 26 queda redactado nos termos seguintes:

«1. De conformidade co disposto no artigo 47 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, mentres non transcorra o prazo de prescrición, os órganos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderán adoptar de oficio as medidas necesarias para a adecuación dos seus actos recadatorios ás normas establecidas, ou revogar en calquera momento os seus actos de grave ou desfavorables mediante a súa revisión de oficio, sen prexuízo de que os interesados poidan promover a súa iniciación polo órgano competente da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.»

Catro. O punto 1.b) do artigo 27 queda redactado do seguinte modo:

«b) Os relativos á xestión, con indicación do réxime da Seguridade Social aplicable.»

Cinco. O segundo parágrafo do punto 1.b) do artigo 36 queda redactado do seguinte modo:

«Non obstante, cando a dedución non se puidese practicar nos documentos de cotización presentados e pagados en prazo regulamentario, os empresarios e demais suxeitos responsables poderán solicitar da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a devolución do seu importe logo de resolución da entidade xestora correspondente, recoñecendo o dereito aos beneficios na cotización, salvo cando estes se concedan automaticamente en virtude das disposicións que resulten aplicables.»

Seis. Suprímese o segundo parágrafo do punto 1 do artigo 38.

Sete. Engádeselle unha nova subsección á sección oitava, nos termos seguintes:

«Subsección 4.^a Normas sobre recadación de recursos distintos a cotas

Artigo 39. *Reclamación de capitais custo e doutras prestacións.*

1. A reclamación pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social do importe de capitais custo de pensións e rendas certas temporais, así como de recargas por falta

de medidas de seguranza e hixiene sobre pensións, expresará o importe íntegro da participación na responsabilidade económica ou o importe íntegro do capital custo correspondente, máis a recarga do cinco por cento por falta de aseguramento que, de ser o caso, proceda e os xuros de capitalización producidos desde a data de efectos económicos da prestación recoñecida ata aquela en que se efectúe a reclamación de débeda. A mutua ou empresa declarada responsable sumará os xuros de capitalización que se devengarán desde o día seguinte ao da expedición da reclamación ata o día de ingreso.

Se o suxeito responsable lles fíxese efectiva a indemnización aos ascendentes a que se refire o artigo 177.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, os xuros de capitalización calcularanse sobre a diferenza existente entre o importe íntegro da renda certa temporal resultante e o que figura no xustificante acreditativo do pagamento da devandita indemnización.

Os xuros de capitalización produciranse desde a data de efectos da prestación ata o día en que se expida a reclamación de débeda, figurarán nesta polo seu importe total e, para os que se producisen desde o día seguinte ao da devandita expedición ata o do pagamento, o seu importe diario será sumado polo suxeito responsable, obténdose así o importe do valor actual do capital custo obxecto de ingreso, sen prexuízo da ulterior comprobación da liquidación, coa conseguinte reclamación ou devolución, se é o caso, pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. No caso de prestacións non capitalizables e de recargas sobre elas, a reclamación de débeda efectuarase polo importe a que ascendan as prestacións de contía fixa ou periódica non vitalicia e de tanto alzado a cargo da entidade ou empresa declarada responsable do seu pagamento, así como polo da recarga que proceda sobre tales prestacións por falta de medidas de seguranza e hixiene no traballo.»

Oito. O título da sección novena queda redactado nos termos seguintes:

«SECCIÓN NOVENA. NORMAS PARTICULARES SOBRE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA»

Nove. Os actuais artigos 39 e 40 pasan a constituír, respectivamente, os novos artigos 40 e 41; e este último queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 41. *Datas de títulos executivos cargados ás unidades de recadación executiva.*

1. Procederá a data dos títulos executivos cargados ás unidades de recadación executiva, nas condicións que estableza o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, cando estean afectados por nulidade, prescrición, transaccións, arbitraxes, declaración de concurso, cualificacións de créditos incobrables, terzarías e calquera outra circunstancia ou situación que impida a continuación do procedemento de constrinximento.

2. As débedas de vencemento posterior á cualificación como incobrable dun crédito dun mesmo suxeito responsable dataranse por referencia á devandita cualificación.»

Dez. Engádesse un novo artigo, o 42, coa seguinte redacción:

«Artigo 42. *Anulación de adxudicacións de bens embargados.*

No suposto de que a adxudicación de bens embargados no procedemento recadatorio en vía de constrinximento resulte posteriormente anulada, serán obxecto de

devolución, de forma conxunta, o prezo da adxudicación ingresado polo adquirente, o xuro legal que proceda sobre o devandito prezo e o importe dos gastos notariais e rexistrals que orixinase a transmisión da propiedade dos bens adxudicados, logo de acreditación de tales gastos polo interesado.»

Once. Engádese unha nova sección, a décima, nos termos seguintes:

«SECCIÓN DÉCIMA. DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS E REEMBOLSO DO CUSTO DE GARANTÍAS

Subsección 1.^a Devolución de ingresos indebidos. Obxecto e procedemento

Artigo 43. *Obxecto da devolución de ingresos indebidos.*

1. Os suxeitos responsables do pagamento de calquera dos recursos que son obxecto de xestión recadatoria pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social terán dereito á devolución total ou parcial das cantidades que ingresasen indebidamente, por erro de feito ou de dereito, con ocasión do pagamento das devanditas débedas e, en particular, nos casos de duplicidade no pagamento dunha mesma débeda; de pagamentos relativos a períodos posteriores á data de efectos da baixa; de pagamento dunha cantidade superior ao importe das liquidacións efectuadas por órgano competente ou ao das autoliquidacións realizadas polos devanditos suxeitos responsables, incluídas aquelas en que non se practicasen deducións polos beneficios na cotización que puidesen proceder; de ingreso despois de prescribir o dereito a efectuar a oportuna liquidación, así como de calquera outro erro material ou aritmético cometido nas liquidacións ou en calquera acto de xestión recadatoria.

O dereito á devolución e os conceptos que integran a cantidade a devolver estarán suxeitos ás condicións establecidas nos artigos 23.1 da Lei xeral da Seguridade Social e 44.1, 3 e 4 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

2. Así mesmo, terán a condición de ingresos indebidos aqueles que resulten ou se declaren obxecto de devolución en virtude de resolución xudicial firme, nos termos sinalados polos artigos 23.3 da Lei xeral da Seguridade Social e 44.2 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

Artigo 44. *Procedemento para a devolución de ingresos indebidos.*

O procedemento de devolución de ingresos indebidos por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social terá como obxecto o recoñecemento do dereito á súa devolución e conseguinte pagamento material do indebidamente ingresado, que se tramitará conforme as disposicións xerais contidas no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas particularidades establecidas nos artigos seguintes.

Cando a procedencia da devolución dun ingreso por indevido sexa recoñecida nunha resolución xudicial ou administrativa allea ao procedemento antes indicado, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social limitarase a proceder á súa execución, nos termos sinalados no artigo 47.2.

Artigo 45. *Peculiaridades na iniciación do procedemento.*

1. O procedemento para o recoñecemento pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social da procedencia da devolución dun ingreso por indevido poderase iniciar de oficio ou por instancia de quen realizase o devandito

ingreso ou de calquera interesado ao cal as normas lle recoñezan tal dereito.

A solicitude de devolución polos responsables do pagamento a que se refire o artigo 12 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social que realizen o ingreso indebido, formularase en nome propio e, de ser o caso, no dos traballadores afectados. Estes poderán solicitar do empresario que formule a devandita solicitude respecto da parte da cotización correspondente ás súas achegas ou presentala directamente cando se acredite que aquel se negou a facelo ou desapareceu.

2. Cando o procedemento se inicie por instancia de interesado, a solicitude deberáselle dirixir ao órgano central, dirección provincial ou administración da Tesouraría Xeral da Seguridade Social que tramitou o procedemento recadatorio no cal se efectuou o ingreso cuxa devolución se solicita por indevido.

A devandita solicitude poderase presentar en calquera dos lugares previstos polo artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, así como a través do Sistema REDE, de se atoparen os interesados incorporados a el.

Ademais dos datos sinalados no artigo 70.1 da citada lei, a solicitude conterá aqueles que a continuación se indican e irá acompañada dos documentos seguintes:

a) Razón social ou denominación completa, se o interesado non é persoa física, número ou código de identificación fiscal e, se procedesen, código de conta de cotización ou número de afiliación á Seguridade Social, réxime de encadramento e entidade aseguradora dos riscos profesionais e da incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

b) Declaración expresa do medio elixido polo que se deberá realizar a devolución; poderá optar entre a transferencia bancaria, indicando o número de código de conta e os datos identificativos da entidade de crédito, ou o cheque nominativo.

c) Xustificación do ingreso indebido. Á solicitude achegaranse os documentos que demostren o dereito á devolución e a realización do ingreso indebido, así como cantos elementos de proba se consideren oportunos para tal efecto.

Os xustificantes do ingreso realizado poderanse substituír pola mención exacta dos seus datos identificativos.

Cando se solicite a devolución de cotas, deberanse presentar documentos de cotización adicionais nos cales figuren unicamente as modificacións por diminucións respecto dos presentados con erros de feito ou de dereito.

3. O procedemento de devolución será iniciado de oficio pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social nos seguintes supostos:

a) Cando se recoñecese a procedencia ou dereito á devolución na resolución dun recurso administrativo, nunha resolución xudicial ou en calquera acordo ou resolución da Tesouraría Xeral ou da entidade xestora ou colaboradora correspondente, que supoña a revisión ou anulación do acto administrativo que dese lugar a un ingreso indebido, en todo ou en parte, na Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

b) Cando se acordase, nos termos establecidos, a anulación dunha sanción pecuniaria por infracción de normas de Seguridade Social ou de calquera débeda con ela, cuxo importe xa fose ingresado.

c) Cando a Tesouraría Xeral da Seguridade Social teña constancia do carácter indebido dun ingreso por duplicidade no pagamento dunha mesma débeda, por pagamento dunha cantidade superior ao importe debido ou por pagamento de débedas prescritas.

d) En xeral, cando a Tesouraría Xeral da Seguridade Social advirta calquera erro material, aritmético ou de feito na liquidación ou en calquera acto de xestión recada-

toria dos recursos da Seguridade Social, sempre que non prescribíse o dereito á devolución.

Artigo 46. *Peculiaridades na instrución e resolución do procedemento.*

1. Se o titular do dereito á devolución dun ingreso indebido resultase, pola súa vez, debedor da Seguridade Social, o órgano da Tesouraría Xeral da Seguridade Social que instrúa o procedemento comunicarlle tal extremo, con detalle da débeda e da situación en que se atopa, e proposta, se é o caso, da débeda á cal se imputará o ingreso indebido conforme o establecido no artigo 44.1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, para que no prazo de dez (10) días efectúe as alegacións ou presente os documentos e xustificacións que xulgue pertinentes. Exceptuaranse da citada comunicación as débedas garantidas mediante aval xenérico así como as impugnadas cuxo importe fose consignado ou se garantise con aval, con suspensión do procedemento recadatorio.

A devandita comunicación producirá os efectos de notificación da débeda nos supostos en que esta non fose notificada con anterioridade.

Transcorrido o prazo antes indicado, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social aplicará, de ser o caso, o importe do ingreso indebido á débeda existente.

2. A dedución e imputación do crédito pola devolución de ingresos indevidos non poderán afectar a parte de cota correspondente á achega dos traballadores, cando esta lles sexa descontada en virtude das normas que regulan no sistema da Seguridade Social a retención e ingreso de tales achegas por parte dos empresarios, salvo que se acredite que tal desconto non se efectuou no momento de facer efectivas as súas retribucións, quedando os devanditos empresarios obrigados a ingresar a totalidade das cotas ao seu exclusivo cargo.

3. O órgano da Tesouraría Xeral da Seguridade Social competente para resolver o procedemento ditará resolución motivada na cal, de recoñecer a procedencia total ou parcial da devolución dunha cantidade indebidamente ingresada, se indicará o importe a que ascende, distinguindo os seus distintos conceptos, así como, se é o caso, a compensación ou dedución practicada e a imputación procedente por outras débedas coa Seguridade Social, e a retención preventiva total ou parcial que se adoptase.

A resolución seralles notificada a todos os interesados no procedemento nos termos previstos nos artigos 58 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e, no caso de que proceda a devolución da parte de cota correspondente á achega dos traballadores, advertirá da obriga do empresario de lles reintegrar a aqueles a parte que a cada un lle corresponda na cantidade obxecto da devolución.

Así mesmo, cando pola causa, antecedentes e demais circunstancias da petición, se deducise con claridade que as cotas indebidamente ingresadas e que puidesen ser obxecto de devolución serviron para o cálculo de prestacións, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social comunicarlle o devandito extremo á entidade xestora para os efectos oportunos.

Artigo 47. *Execución da devolución.*

1. O órgano da Tesouraría Xeral da Seguridade Social que dite a resolución recoñecendo a procedencia da devolución proporá a súa execución inmediata mediante a expedición da orde ou mandamento de pagamento polo importe que corresponda, efectuándose o seu pagamento material nos termos e condicións establecidos en materia de pagamentos no ámbito da Seguridade Social.

2. Cando o dereito á devolución fose recoñecido nunha resolución xudicial ou administrativa firme allea

ao procedemento a que se refiren os artigos anteriores, procederáse á súa inmediata execución nos termos que resulten da devandita resolución, sen prexuízo da aplicación das normas que correspondan en materia de pagamentos e de intervención formal e material destes.

Subsección 2.^a *Reembolso do custo de garantías*

Artigo 48. *Alcance do reembolso.*

Cando por resolución administrativa ou sentenza firmes, se declare a improcedencia de débedas coa Seguridade Social, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social procederá a reembolsar os custos necesarios para a formalización, mantemento e cancelación das garantías que se achegasen para suspender o procedemento de recadación daquelas así como, de ser o caso, a aboar o xuro legal das cantidades depositadas ou consignadas coa mesma finalidade, nos termos e co alcance previstos nos artigos 23.2 da Lei xeral da Seguridade Social e 30 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, así como nos artigos seguintes desta orde.

Artigo 49. *Determinación do custo das garantías prestadas.*

1. As garantías cuxo custo é obxecto de reembolso serán as establecidas no artigo 28 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, sempre que fosen prestadas de conformidade coa normativa vixente e aceptada para a suspensión da execución de débedas coa Seguridade Social.

2. O custo de tales garantías estará integrado polas seguintes partidas:

a) No caso de avais solidarios formalizados por entidades financeiras e de seguros de caución de entidades aseguradoras, o seu custo comprenderá as cantidades efectivamente satisfeitas a tales entidades en concepto de primas, comisións e gastos de formalización, mantemento e cancelación do aval ou seguro, devengadas ata os 30 días seguintes ao da notificación ao interesado da resolución ou sentenza que declare a improcedencia da débeda.

No suposto de que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, por causa imputable a ela, non devolve a garantía no prazo anteriormente indicado, o dito prazo ampliarase ata a data en que se produza esa devolución.

b) No caso de hipotecas mobiliarias e inmobiliarias e de garantías con ou sen desprazamento da posesión, o seu custo incluirá as cantidades satisfeitas polos seguintes conceptos:

1.º Gastos derivados da intervención dun fedatario público.

2.º Gastos rexistrais.

3.º Tributos derivados directamente da constitución da garantía e, de ser o caso, da súa cancelación.

4.º Gastos derivados da taxación ou valoración dos bens ofrecidos en garantía, realizada por perito con titulación suficiente. En calquera caso, tales gastos non poderán exceder os valores e prezos medios do mercado.

c) No caso doutros avais, fianzas persoais ou calquera outra garantía que fose admitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou polos órganos xudiciais, o seu custo limitarase aos gastos en que se incorrese de xeito directo para a súa formalización, mantemento e cancelación, devengados ata os 30 días seguintes ao da notificación ao interesado da resolución ou sentenza que declare a improcedencia da débeda.

No caso de que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, por causa imputable a ela, non devolve a garan-

tía no prazo antes indicado, este ampliarase ata a data en que se produza a devolución.

O importe dos conceptos incluídos no custo das distintas garantías, salientados nos parágrafos anteriores, deberá ser previa e debidamente acreditado polo interesado para que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social proceda ao seu reembolso.

3. No suposto de aboamento do xuro legal correspondente a cantidades depositadas ou consignadas en efectivo a que se refire o artigo 30 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, o dito xuro devengarase ata os 30 días seguintes ao da notificación ao interesado da resolución ou sentenza que declare a improcedencia da débeda, salvo cando a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, por causa imputable a ela, non devolvase o importe do depósito ou da consignación dentro do citado prazo, caso en que este se ampliará ata a data en que se produza a devolución.

Artigo 50. *Procedemento para o reembolso.*

O procedemento para o reembolso do custo de garantías por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social axustarase ao previsto para a devolución de ingresos indebidos no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e na subsección anterior desta orde.

En particular, na iniciación do procedemento o interesado deberá achegar, xunto á solicitude de reembolso, unha copia da sentenza ou resolución administrativa firme pola cal se declare a improcedencia total ou parcial da débeda coa Seguridade Social garantida, así como a acreditación do importe a que ascende o custo das garantías cuxo reembolso se solicita, e indicación do lugar e da data efectiva da consignación ou depósito.

Subsección 3.^a Aplicación orzamentaria da devolución de ingresos indebidos e do reembolso do custo de garantías

Artigo 51. *Aplicación orzamentaria.*

1. Os distintos conceptos constitutivos das cantidades obxecto de devolución como consecuencia dun ingreso indebido recoñecido en vía administrativa ou xudicial, así como do custo de garantías obxecto de reembolso, a que se refire esta sección, aplicaranse con cargo ao orzamento de ingresos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, coas excepcións que se sinalan no punto seguinte.

2. Cando a devolución ou reembolso do custo das garantías se refira a cotas por continxencias profesionais e por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns cubertas cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, as cotas por conceptos de recadación conxunta coas de Seguridade Social e a outros recursos alleos ao sistema, así como ao reintegro de prestacións por desemprego, a súa formalización terá carácter extraorzamentario, aplicándose o seu importe con cargo á conta de relación da mutua, órgano ou organismo que corresponda.

3. A aplicación orzamentaria da devolución de capitais custo de pensións ou do importe doutras prestacións e de recargas sobre prestacións, como consecuencia da súa anulación ou redución en vía xudicial, efectuarase conforme o establecido, respectivamente, nos artigos 71 e 75 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde do 21 de xullo de 1995, pola que se modifican determinados criterios de imputación contable dos recursos do sistema da Seguridade Social.*

O artigo 1 da Orde do 21 de xullo de 1995, pola que se modifican determinados criterios de imputación contable

dos recursos do sistema da Seguridade Social, queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 1. *Imputación contable das débedas coa Seguridade Social para as cales se iniciase o período de recadación executiva ou o procedemento de dedución.*

1. O cargo dos títulos executivos nas unidades de recadación executiva para a recadación en vía de constrinximento dos recursos orzamentarios da Seguridade Social ou, de ser o caso, o cargo da comunicación do inicio do procedemento de dedución, suporá a contracción en contas dos correspondentes dereitos, con imputación ao exercicio económico en que o devandito cargo teña lugar; esta circunstancia deberase ter en conta no momento en que se deban rexistrar os ingresos que se obteñan, así como as baixas que resulten pertinentes.

2. A contracción dos dereitos realizarase conforme o disposto no punto anterior e con independencia das notificacións que en cada caso se lles deban practicar aos interesados, para darlles coñecemento da iniciación do correspondente procedemento de cobramento.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Orde TAS/2268/2006, do 11 de xullo, pola que se delega e se aproban as delegacións do exercicio de competencias nos órganos administrativos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e nos seus organismos públicos dependentes.*

O punto 2 do artigo 6 da Orde TAS/2268/2006, do 11 de xullo, pola que se delega e se aproban as delegacións do exercicio de competencias nos órganos administrativos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e nos seus organismos públicos dependentes, queda redactado nos termos seguintes:

«2. Delégase, coa súa previa aceptación, no director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social:

a) O exercicio das facultades que os instrumentos internacionais de Seguridade Social lle atribúen ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais en materia de autorización de exencións ao principio xeral da obriga de afiliación á Seguridade Social do lugar de emprego para supostos individualizados.

b) A facultade para establecer sistemas simplificados de liquidación e pagamento de cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta con estas respecto do persoal ao servizo das administracións das comunidades e cidades autónomas e dos organismos públicos delas dependentes; para este efecto poderá instrumentalizar a súa aplicación mediante acordos ou convenios de colaboración que se subscribirán con tales administracións e organismos ou por calquera outro medio previsto no ordenamento xurídico.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de novembro de 2007.—O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.